

XOGANDO A PIRATAS

"Achado fortuíto pon ao descuberto rede de narcotráfico"

Por: Henrique Dacosta López

Cousa cantada, aquela do Eladio do Rego. Mais era a lei do silencio. Si. Se cadra é a mellor expresión. Remusmús de aquí e de alén. Falares coa boca pequena: de desembarcos, de interrogatorios infrutuosos, de inútiles pescudas policiais. Todo aparentando igual, que nada pasa. Os mesmos devalos, as mesmas premares. Algún cartón de tabaco americano varado na area, flotando na auga, pescado no tramallo. Nada estraño.

Cada vez que o recordo... O que xogabamos no obradoiro do padriño! Ás veces, todas a un andar, que até coincidían catro chalanas para construír a un tempo. Que portento el! E mentres a esta colocaba o rodamento de proa, a esoutra o pano de popa, aquela o esqueleto tiña composto, e a cuarta as chumaceiras por terminar. Tratábase do Celso, do mellor carpinteiro de ribeira e con maior fama na redonda. A ribeira, un dicir, unha simple metáfora, pois a eira, onde vai a súa primitiva función!, era hoxe o seu modesto estaleiro.

Lémbroo coma se fose agora. Eu o capitán Keitt, pois doutro xeito non había de ser; Pita, o meu contramestre Jacques Blake; e Fuco, o máis novo de todos, o mariñeiro Jim Mathew. A estampa da embarcación parecérame fascinante, cousa nunca vista, tan pintureira ela. "Chámase galeón", díxerame meu padriño, eu pasmado ollándoa, "É de Eladio do Rego". "Un galeón!", pensei para min, maxinando aqueloutros de antano transitando os mares con tesouros para delicia dos piratas.

Fora cuestión tan só de saber agardar até o momento da súa sesta. "Contramestre Blake, abarloe a nave contra o costado. Asegúrese de que o fogo dos canóns non nos alcance". E prestos para a abordaxe, xa o mariñeiro Jim Mathew preparábase para trepar pola amura berrando: "Á abordaxe! Á abordaxe! Ahhhh!". E ao unísono subiamos todos tres para nos bater a espada e descarga de trabuco

contra o inimigo. "Come chumbo, can sarnoso", profería o contramestre. Entre tanto, eu brandía aceiro contra un, contra dous e mesmo tres opoñentes, e a todos daba morte con certas coiteladas. De alí a un pouco, o galeón caía rendido aos nosos pés tras acabar coa tripulación toda. Ben, con toda non exactamente.

"Non ousaredes tocarme, rufiáns!", escoitamos de repente desde a cámara do patrón. Ouh, non!, era miña irmá Inés; ás agachadas, coárase no barco e puña empeño en ser a princesa Violet de Yorkshire. Porén, nin tempo dera ao inicio da discusión, nin aos inconvenientes de ela, unha muller, encontrarse alí, cando Jim Mathew atopara aquilo após remexer por varios dos tambuchos. Acto seguido,

foi xa cando se armou o balbordo. Mais o capitán, pois que para algo ha de selo, en menos do que canta un galo soubera impor o seu principio de autoridade.

A de cigarros que fumamos na nosa cabana durante tres longos veráns! Ningún dos amigos se estrañou do dispendio con eles. E é que o par de sacas esquecidas no fondo do tambucho deran para unha boa fartura. Con todo, era o noso segredo.

Punto na boca. No círculo

de amizades, a ninguén sorprende. Ou, mellor sería dicir, ninguén na contorna se habería de sorprenden, caso de sabelo. Hoxe case son vinte os anos transcorridos desde aquela. A mesma lei, a do silencio, é a que impera. Por iso, e sen ningún espanto, léoo no diario:

"A descuberta feita por un mergullador deportivo propicia o achado dunha furna onde se escondían habitualmente fardos de cocaína para a súa posterior distribución pola zona. A pista seguida parece levar até o famoso narco Eladio do Rego..."

